

FUTUROS POSIBLES

Entendemos que o ámbito obxecto de reflexión vai máis aló da área concreta delimitada. Temos presente o resultado de séculos de construción do territorio, evidencia de distintos xeitos de relacionarse co medio, que non ocultan que todos eses momentos conflúen nun lugar con características específicas que o fixo adecuado como asentamento na súa orixe.

A liberación dunha grande superficie de plataforma portuaria ofrece a oportunidade de reflexionar sobre a relación dos núcleos urbanos co seu medio; un borde litoral que aí está, afastado e ausente estes últimos anos de gran parte da cidade e a veciñanza, que expón todo tipo de interrogantes.

Ante esta situación, as aspiracións e obxetivos desenvólvense en torno a seis desafíos.

SOSTIBILIDADE AMPLIADA, xa que é a nosa oportunidade de debater sobre un futuro aberto, entendido de modo transxeracional, no que non se hipoteque un tesouro como é o bordo litoral, un ecosistema vivo e diverso.

CONTINUIDADES CULTURAIS, Nas últimas décadas o litoral deixou de ser en gran parte sinal de identidade da cidadanía, para ser un espazo loxístico. Esta é a oportunidade de devolver un papel central á presenza do mar e a súa cultura á Coruña.

A EXPERIENCIA DE CIDADE. Volver a pensar a cidade desde o específico do lugar, do clima e estrutura física, recollendo valores paisaxísticos e culturais daqueles elementos que lle deron orixe e sustento, achegarao á idea de sostibilidade ampliada.

A cidade deberá de ofrecer diversidade na natureza dos seus espazos, para diferentes momentos do habitar, á vez de para equilibrar o propio ecosistema urbano, contribuindo a un mundo máis sostible.

EQUIDADE SOCIAL-ESTRUTURAL DA CIDADE. A plataforma portuaria que se libera illou ao barrio de Os Castros, e anulou a súa relación co borde litoral, deixándoo, en parte, como unha área infraestrutural con grandes carencias ambientais e dotacionais. O desafío é como a través de reformular o borde litoral e a relación cidadá con el, podemos mellorar a equidade social e o equilibrio urbano.

A ECONOMÍA VERDE E AZUL. O mar é nestes momentos un sector económico tradicional e de vangarda ao mesmo tempo. As novas industrias, intensivas no uso de tecnoloxías dixitais de deseño e fabricación, poden ser de pequena escala e limpas. A capacidade de concentrar diversidade é unha das estratexias que mellor funcionaron para impulsar a innovación e creación de proxectos de impacto.

MOBILIDADE SAUDABLE. Entender a mobilidade como algo que incumbe ás persoas e afecta profundamente ao espazo urbano e á súa calidade ambiental e social é básico para reequilibrar o uso do espazo entre vehículos e persoas; para redefinir o modo de uso e permitir a apropiación para a diversidade de accións do espazo público.